

# A Xanela

Revista cultural das Mariñas

Nº 23

PRIMAVERA

2007

# A Xanela

Revista cultural das Mariñas

Nº 23

PRIMAVERA

2007



OS MAIOS NA COSTA DE NOSA SEÑORA.  
ANNETE MEAKIN. BETANZOS, 1909.

## COLABORACIÓNS

Paulo Martínez Lema, Gabriela Rodríguez, Lois Diéguez, Xosé Luis Sobrino, Lia Santiso, Víctor Tizón, Cristino Cortes, Antón dos Santos Silva, Xosé M<sup>a</sup> Veiga Ferreira, Juan Sobrino Ceballos, Antón Fafián Porto, Jerónimo Boragina, Xesús Torres Regueiro, Miro Villar e Baraxeiro.

## TEXTOS

María Mariño, Avilés de Taramancos, Annette Meakin

## DESEÑOS

Víctor Tizón, Luis Otero

## COORDENA

Suso Torres

## IMPRIME

Lugami Artes Gráficas. Betanzos

## FOTOGRAFÍAS

Veiga, Baraxeiro, Annette Meakin  
e Arquivo Eira Vella

## MAQUETA

Equipo Xerri

## D.L.

C - 1696 /96

## Agradecementos:

A todos os **anunciantes** (locais comerciais, empresas e entidades) que fan posible a saída dun novo número de A Xanela, pola súa fidelidade e colaboración.

## Parabéns:

Á nosa colaboradora **Medos Romero**, por acadar o premio de poesía "González Garcés" que outorgou a Deputación Provincial da Coruña a súa obra *O pozo da ferida*.

## Correccións ao número anterior:

### Da Torre por Loureda

No nº 22 do pasado Outono rexistramos un erro na páxina 15 dentro do traballo "Betanzos. Víctimas da represión fascista 1936-39". Figura Tomás López Loureda en lugar de Tomás López da Torre que é o correcto, xa que Loureda é o apelido materno do seu fillo.

## Intercambios:

A Xanela intercámbiase con outras publicacións culturais de calquer ámbito. Para solicitalo intercambio, dirixirse ao noso enderezo:

A.C. Eira Vella  
Praza do Mestre José Dapena  
Antigas Escolas do Asilo, Baixo  
15300. Betanzos

## Homenaxe ás vítimas betanceiras de 1936-1939



O pasado 14 de Abril, conmemoración da II República, a Asociación Cultural Eira Vella procedeu á colocación dunha praca de homenaxe ás trinta e tres vítimas betanceiras do levantamento militar de 1936, como colofón aos actos dedicados á memoria histórica da República durante os pasados meses de setembro e outubro. A praca (destapada polo fillo de Tomás López da Torre, alcalde fusilado en 1936) colocouse na entrada ao Museo das Mariñas, lugar acordado pola Corporación Municipal, e é unha réplica da que o Centro Betanzos de Buenos Aires colocara no seu local en 1959. O acto, no que interviron a presidenta de Eira Vella, Pilar Vázquez, e o alcalde Manuel Lagares, tivo tamén o seu acompañamento musical a cargo de Xosé Taboada e resultou tremendamente emotivo para os numerosos veciños asistentes entre os que se encontraban varios fillos, fillas e familiares das vítimas.



# Anxo de Gaspar, contista

Paulo Martínez Lema

Anxo de Gaspar tivo o seu primeiro momento de gloria cando convenceu ao xabaril da torre de Vilalba de que volveuse ao seu emprazamento de sempre. O bechiño, sabedor por algunhas linguas de que en Rusia houbera revolución, fuxira aos montes de Meira, temendo o regreso dos Irmandiños de Afonso Lanzós e a (re)caída de canta torre se lles puxese por diante. Longamente negociou o Anxo con el, argumentando que de Rusia a Vilalba había máis distancia que de Vilalba á Coruña, e que, aínda en caso de chegaren os rebeldes até alí, pouco interese terían nunha torre sen nobres dentro aos que colgar. Con estes e outros razoamentos, o porco ficou máis tranquilo e volveu a onde tiña que estar, con grande alivio para as xentes chairegas, se ben algunhas delas xa soñaban con dar caza ao sonado xabaril para abrirlle o bandullo e facerse cos centos de moedas de ouro que nel gardaba.

Mais o Anxo de Gaspar non acadou tanta fama por esta fazaña diplomática (que aínda así valeulle para andar un tempo en romances de cego, e o mesmísimo Florencio dos Vilares compúxolle unhas coplas) como pola súa verdadeira ocupación, que a fin de contas, e deixando de lado as súas incursións como tamborileiro amador e canteiro pouco habilidoso, era o que realmente lle daba o sustento. O Anxo tiña a facultade de escribir historias por encarga que logo, sen saberse cómo nin por qué retrincados vieiros, viñan a facérense realidade, para pasmo de forasteiros e satisfacción de algúns conveciños, non necesariamente todos, que envexosos hóboos e haberaos en todas partes, e neste caso seguramente tampouco faltaron. Claro que o Anxo era consciente do poder daquel don, e iso obrigábao a escoller moito os traballos a aceptar. Para curarse en saúde, rexeitaba de plano os encargos políticos, viñesen de quen viñesen. Con todo, o que primaba ben ás claras eran os asuntos amorosos, o cabalo de batalla do ser humano desde o mundo é mundo, e nos que o Anxo chegou a ser un auténtico experto. Unhas veces eran mocañas que acudían onda el suplicándolle un bo relato de amor no que pescaban un home ao estilo daquelas noveliñas francesas de outrora, con moitos abrigos luxosos, luvas rosadas

e suspiros finxidos. Daquela o Anxo quitáballe o po á *Dama das Camelias* ou ao *Primo Basilio* ou similares, tomaba algúns apuntes e ideas e escribía unhas historias redondas, marabillosas, que en nada desmerecían ás de Musset ou Eça, se ben o Anxo se encargaba de rebaxar un algo as doses de truculencia e de garantir un final o máis feliz posíbel para a súa cliente.

Outras veces pedíanlle tramas máis sinxelas, porque había apuro ou necesidade, mais neses casos o Anxo aproveitaba para argallar historias tan breves como delirantes, poñamos por caso a que lle fixo á Susa de Pontes: estaba ela de protagonista bebendo auga nunha fonte, cando de súpeto asexaba polo cano o seu namorado, o Garabiel do Vilar, vestidoño de marqués, e alí mesmo, axeonllado sobre a herba mollada, en francés e con voz de pito, pedíaa en matrimonio. Suporase que a Susa dicía que si ao momento, case traspasada pola ledicia e a beleza do instante. Nin cinco liñas de letra miúda e apertada lle levou ao Anxo escribir isto que aquí reproducimos, mais a felicidade da Susa e os tres ranchiños con que lle pagou o traballo ben valían por unha novela enteira.

Con todo, o Anxo non tardou en atopar os primeiros atrancos, porque o seu traballo non deixaba de ser unha competencia dura para moitas meigas e sabias da contorna, que vían que desde o escribidor puxera o seu negocio, descendera perigosamente a demanda de filtros de amor e remedios análogos. Así foi que un día, Emerenciana de Sixoi, en representación do colectivo da Terra Chá e de parte da Mariña, faloulle cara a cara ao contista e díxolle, engurrando moito o entrecello:

-Ou *tu* ou nosoutras. Ou colgas a pruma, ou xa nos amañaremos para facercha colgar. *He dicho*

E deletreaba case con delectación aquelas derradeiras verbas castelás: *He dicho*.

A discusión foi longa, houbo acordos, trasacordos e recontractos, idas e vindas, por terra, auga e aire, até que ao final, e non sen certa dor de corazón, o Anxo aceptou reducir os seus traballos a só tres por ano (catro, loxicamente, se o ano for bisesto). As meigas, en troques, proporcionaríanlle un filtro especial de lonxevidade

polo cal o Anxo chegaría aos cento trece anos sen máis achaque que un algo de reuma e dous ou tres dentes de menos, pouca cousa en comparanza co que podía verse por aí adiante. Todo isto ficou en contrato, do cal aínda hoxe hai unha copia nalgún recanto escusado da abadía de Meira, e outra, segundo se rumoreia, na antiga biblioteca de don Ildfonso Xil, crego de Bretoña e bo amigo do Anxo dende os tempos do seminario de Mondoñedo, nos que trataron a Aquilino e con el aprenderon a compor sonetos.

A cousa foi ben durante uns cantos anos, mais ao terceiro torceuse. O motivo foi que, feitos xa os traballos que correspondían a ese ano (o de 1956, por se alguén demanda maior precisión de datos), chegou unha mañá á porta do Anxo un señor enloitado que aínda pode retratar perfectamente de palabra:

-O máis alto que vin xamais, iso de seguro, uns ollos coma esmeraldas, e uns dedos como de ferreiro, gordos e mouros. Chamábase Don Fernando, Don Fernando de Saavedra, e tiña unha cara moi, moi triste, tanto que, nada máis velo, mesmo a min me entrou un algo de mágoa, non sei por qué. Parecía home de espada e cabalería, aínda que algún veciño que se cruzou con el aínda dixo que se sería un baluro. Desde logo, canto se fala por non estar calado!

Fernando contoulle a Anxo a súa historia de amor, a máis degrazada que endexamais este oíra. Resultara ser que a súa amada Constanza de Castro, filla do Mariscal, morría no sitio do castelo de Cal da Loba, e el sobrevivía por ben pouco, condanado a morte polos reis de fóra contra os que loitaban, mais indultado a última hora para ir á guerra de Granada contra os mouros. Alí gañou el só, sen soldado ningún, vilas e coutos ás mancheas, mais desde o horribel momento en que perdera á súa amante non volvera ter acougo, nin sequera na súa querida profesión de armas.

-Eu quixera, bo home -falaba Don Fernando- que reescribides a nosa historia, mais mudándolle o final. Nin sequera é necesario que nos outorgue a vitoria, que iso agora xa pouco me importa, só quero que salve a miña Constanza. Pagareille o que quixer: teño terras, teño gando que os meus inimigos non puideron confiscarme, porque os meus homes de confianza encargáronse de escondelos baixo algunha mámoa encantada, e alí os teño agardando.

Se algo tiña o Anxo era un corazón coma un mundo, ou se cadra coma dous, e quizais o propio feito de escribir tantas historias de amor llo fose amolecendo máis e máis cos anos. Por iso fixo a encomenda de balde, sen cobrar nin un peso, por compaixón do forzado cabaleiro e mais da súa fermosa dona, que el imaxinaba cuns dedos de costureira, brancos coma o leite pero rexos á hora de aferrar a espada. Unha dona guerreira das de antes, unha Maroñas, pondo por caso que o contista lese algunha vez a Pondal, cousa que, porén, dubidamos. Así que o Anxo escribiu unha historia co final máis feliz que puido atopar, tan fermoso e emocionante que xamais quixo desvelarlllo nin a propios nin a alleos, e cóntase que mesmo pechou o manuscrito nunha arca de sete chaves que aínda a día de hoxe ninguén foi quen a forzar, nin sería cousa boa que se fixese, coidamos nós.

Claro que isto foi tanto como romper o acordo que tiña coas meigas e perder o filtro de lonxevidade. Mais o Anxo consolábase imaxinando aos dous amantes de Cal da Loba, sentados quizais perante unha montaña enorme e nevada, desas que el enxergaba desde a solaina da súa casa, e contando as estrelas que, pouco a pouco, timidamente, ían deixándose ver no ceo inmenso de abril, sempre abril.

E coa punta do pano, aquel sentimental reumático de oitenta e tantos anos tiña que secar unha bágoa fuxitiva.



# As esquecidas

Invisibles (palabras sen voz),  
vidas co valor dunha dote (tres ferrados),  
unha sombra detrás dun home calquera (escurecidas),  
pagando o prezo dun feixe de vidas (entregadas con dor).

As primeiras vítimas do monoteísmo (Deus só é home),  
o primeiro pecado (orixinal),  
a primeira  
tentación (Eva maldita),  
as cinzas malditas  
da Inquisición (“meigas” fóra).

As condenadas (entre panos),  
as mutiladas (de dereitos),  
as anoréxicas (de amor propio – alleo),  
as curvas da terra esvaídas (no chan).

A vida e A morte son das nosas.

**Gabriela Rodríguez**

# Eu non me meto...

Lois Diéguez

...**ai**, eu non lle sei nada que non gosto de me meter na vida dos demais... pero non lle está, sabe ?, que o vin marchar pola mañá cedo, tenlle un amigo en Vigo e vai todos os sábados a ve lo, ou polo menos iso lle dixo ao Alberte... pero xa sabe, eu non quero meterme onde non me chaman, entendeme ?... e vostede de onde é se non lle parece mal ?... ah, bon lugar ese, eu estiven ali unha vez cando fixen a mili... pois si que me dixo a Angelita que a outra semana, ou hai quince días, que os viu aos dous no bar do Milucho que queda aí abaixo, na vila, e que ian un pouco danzantes, xa me entende, ai, a el ainda lle sabe o viño, o tinto, que o branco non ten corpo, iso di, e que alegre é o mozo, pero con esas amizades... non sei, non sei, as malas compañías nunca axudan e el deixase levar, porque xa me dirá por que ten que ver o outro todos os sábados e facer unha viaxe tan longa, que eu non é que ande por aí de curioso, entendeme ?, cada un na sua casa e morra o conto, pero claro, o Manuel é moi alegre e aquí non hai ambiente para el, seica, pero que necesidade ten de ir a Vigo buscar as amizades cando aquí estou eu ?... e o Etlvino que tamén o

quere ben, claro que... mire vostede, eu, pasar, "buenos dias buenas tardes" e para a casa, asi lle é, non vaia pensar vostede... e ainda parece noviño, máis noviño ca el, non ?... xa mo parecia..., por iso que eu que lle sei, pero o outro dia convideino á miña casa a probar o viño novo e rimos moito, contamos chistes, ah, el ten moita graza, que a min pasoume o tempo como se nada, mire que lle é simpático o Manuel, como un anxo, pero eu que lle vou dicir, eu non lle sei nada que non ando por aí metendome na vida dos outros... demo de rapaz, cando viñamos de segar a erva do prado da Lamela, cando foi ?, o xoves pasado, atopamos un niño de cochorra, e dixo el, "Delmiro, sabes que ten o niño da cochorra ?, pois dous ovos e unha pixola", hahaha, que graza me fixo, dous ovos e unha... e el, vai e pásame a man por... por... e a min... bueno, que eu xa sabe, non me gusta meterme onde non me chaman... e vostede aseméllaselle unha miga, ten a voz como a del, e os ollos tan así de grandes, e seguro que tamén sabe contar con aquela graza del, a que sí?... suba que o convido a un viño, bueno, si quere, e?, que a min non me gusta meterme...

Maio, 2006




ILUSTRACIÓN: LUIS OTERO

## O tempo embebido en salitre

*A Raisa*

¿Non sentes a necesidade de apreixar o meu corpo ferido de sal?,  
o outono despídese da praia e aínda non asimilaches a noite descalza,  
os paseos costa abaixo, pendurados do tempo,  
esfarelando os bicos, contándoos para non esquecer ningún.  
Apreixa mentres poidas o ron nesa copa medio baleira,  
o amor nesta cunca rebordante,  
novembro que nos escapa líquido entre as mans.



**Xosé Luis Sobrino**

## A cicatriz

Teño un corte de machada,  
un fio de sangue seca,  
un zurcido de costureira inexperta  
que aos ollos de todos sinalan o camiño  
entre o meu centro de gravidade  
e o meu centro de pracer.  
A chaira do meu ventre foi  
emporcada para sempre  
por un avultado sendeiro.

Doces verbas dos teus beizos  
tentan trocar a imaxen do espello,  
mentres, os teus dedos, máis sinceros,  
xa non me percorren coma sempre

**Lia Santiso**



# GLOBALIZACIÓN

Víctor Tizón



VÍCTOR TIZÓN

E ISTO QUE SERÁ  
O XOGO DAS  
DIFERENCIAS?...



NON...  
EN TODAS PARTES  
É IGUAL.



## Acto de contrição (I)

De ar triste e humilhado é que hoje entro em casa  
E tem um pedido de desculpa o meu bater de pala  
Ao capitão em vera efigie mandando na sala  
\_\_ Pois é ele que me orienta o voo e afina a própria asa.

Fui lá, procurei, voltei atrás e de novo tentei  
E o facto é que ver não pude um terreno que é meu;  
Grande como é não se iria assim, magia que lhe deu  
Esse mal mata, escassa a memória em que o não fixei.

E hei-de assim desistir, entregar os pontos? Oh não  
Eu não sou da raça daqueles que admitem a desistência;  
Lá voltarei decerto, e então com a alheia ciência  
Bem prevenido evitarei nova humilhação!

Mas por ora é inevitável a triste vergonha.  
É minha mesmo, oh meu capitão, muito erra quem só sonha.

*Fui lá sozinho, a ver se ainda sabia onde era a Banda de Freches, mas tudo em vão*

**Cristino Cortes**

## Romance dum cidadão bem computado

Tocou o despertador!  
Levantou-se num instante:  
Barba, flexões, duche frio,  
Spray antitranspirante  
Fresco e de másculo odor.

Tomou ao pequeno-almoço  
logurte vitaminado.  
Trouxe o carro da garagem.  
Pôs um beijo na mulher,  
O filho na escola, ao lado,  
E sorriu do alvoroço  
Que fazia a miudagem.

Com o tento necessário,  
Cruzou a larga avenida  
Como quem passa num cano.  
E quando a fila parava  
Deitava contas à vida:  
Impostos, saldo bancário,  
Quanto poupava nesse ano...

Numa esquina deu boleia  
À colega habitual:  
Olheiras verdes, delgada,  
Camisa tão boleada  
Que lhe passou pela ideia  
Aquele porno especial...  
Mais à frente, um pobre cão  
la sendo atropelado:  
Travoes a fundo, ganido...  
Ele ficou angustiado  
Ela, num gesto transido  
Cobriu os olhos co'a mão.

Chegou, enfim, ao emprego.  
Mostrou o passe ao porteiro,  
Limpou os pés no capacho,  
Picou a ficha do ponto,  
Desceu, no elevador,  
Trinta metros para baixo.

Passou uma porta de aço,  
Outra porta de betão,  
Entrou no seu gabinete:  
Conferiu código e senha,  
Inspeccionou o circuito,  
Destravou o aloquete...  
Cumprindo assim, passo a passo,  
O manual de instrução.

Recostou-se na cadeira,  
Bem disposto e preparado:  
O telefone estava ao lado,  
À sua frente o botão.  
E aguardou, calmamente...  
Que lá longe, o capitão,  
Por ordem do general,  
A mando do Presidente,  
Lhe mandasse disparar  
O míssil multi-ogivado.

É este o breve romance  
Dum cidadão integrado,  
Tenente-missilador:  
Previamente testado  
Por um bom computador.

**António dos Santos e Silva**  
Coimbra, 2006

## San Pedro de Oza

**Xosé María Veiga Ferreira  
Juan Sobrino Ceballos**

A parroquia de San Pedro de Oza engloba as aldeas e lugares de Cabalos, Carraceda, Castiñeiro, Lois, Maial, Oza e Paio. O topónimo “Oza” poida que aluda aos cursos dos numerosos canles de río que atravesan o lugar, algo semellante pasa na zona de Poferrada co lugar de Ozuela e Valdueza. No 1916, para diferencialo do concello de Oza coruñés, engadíronlle o de “dos Ríos”.

Na baixada despois da igrexa parroquial está o castro do lugar das *Croas*, testemuña dos primeiros asentamentos dos primeiros habitantes do lugar. Presenta forma circular, con tres entradas pola parte sur, lado polo que hai un antecastro. As defensas desta parte sur están compostas de parapetos construídos con terra e pedra, chegando a alcanzar nalgunha parte os tres metros de altura. A croa aparece completamente aplanada por causa de labrarse a terra. Polo norte presenta unhas defensas naturais bastante pronunciadas que polo NW se completan con varias terrazas e un foso que hoxe serve de estrada.

Segundo testemuñas dos veciños, no lugar das *Croas* apareceron restos de cerámica e tamén algún obxecto que semellaba un machado. Contábase que “*os mouros levaban os cabalos a beber ao río, pero dicían que estaban no Pazo da Torre. Este pazo tiña unha torre defensiva, pero foise arruinando e a súa pedra foi usada para reconstruír a casa*”. Actualmente é unha casa antiga ben conservada coñecida como O Pazo.

Hai documentación antiga referente a esta parroquia, así faise mención de Oza nun documento do 922 no Tumbo A da catedral de Santiago, en que o rei Ordoño II permutou coa igrexa de Santiago as vilas de Oza e Cela pola de Lánacara, xunto ao río Neira (Lucas Álvarez, Seminario de Estudos Galegos, 1998).

No libro Tumbo do mosteiro de Sobrado aparece o lugar de Maial nun documento do ano 995 no que se fai unha relación dos bens da igrexa de Santa Eulalia de Curtis: “*...In Nemitus medietatem villa quam dicunt Maials...*”

Pola súa parte Carré Aldao na Xeografía do Reino de Galicia di que en Maial existiu unha granxa que foi propiedade de S. Pedro de Mezonzo e da que fixo doazón ao mosteiro que este santo fundara en Curtis unha tal dona Guncia ou Gundia.



IGREXA DE SAN PEDRO DE OZA

No século XV o lugar de Oza foi anexionado polo mosteiro de San Salvador de Cis, e posteriormente no s. XVI pasou a pertencer a San Martín Pinarío de Santiago.

No século XVI a parroquia estaba englobada no partido da terra de Parada, que comprendía as parroquias de Parada, Rodeiro, Bandoxa, Regueira, Oza, Lesa e Fervenzas.

No século XVIII, na desaparecida provincia de Betanzos, existía o couto e xurisdición de Oza, de señorío eclesiástico, no que exercía a xustiza ordinaria o mosteiro de San Martín de Santiago da orde de San Bieito, nel estaban incluídas as parroquias de Lesa, Oza e Regueira. Segundo Ana Carril (*Betanzos y su comarca* nº 21 de agosto de 1994) aínda recordaban os veciños un edificio que servía de cárcere no lugar de Carraceda. Dela tamén nos falaba Madoz a mediados do s. XIX: “*y una antigua y mala cárcel, del tiempo en que perteneció Oza al señorío del suprimido convento de San Martín de Santiago...*” Actualmente existe un lugar que se coñece como “carcel”, aínda que non quedan vestixios de ningún edificio dedicado a este fin.

Cando se fixo a primeira división dos novos concellos constitucionais no 1821 déuselle o nome de “Exertados”, lugar da parroquia de Parada. Foi no ano 1836 cando se denominou definitivamente como concello de Oza.

Entre os edificios destacados hai que salientar a igrexa parroquial que presenta cuberta a dúas augas e debaixo canzorros con decoración variada: xeométricos, esféricos, rolos ou facendo

a letra X. Na fachada a porta principal é moi sinxela -semella de fábrica antiga- de arco apuntado e tímpano liso; a espadana de características barrocas. A xanela da ábsida presenta unha clara tipoloxía románica, cun arco lixeiramente apuntado sobre columnas de capiteis vexetais. Un elemento destacado do conxunto é a porta do muro norte que ten no tímpano unha cruz de consagración (normalmente van no interior) de brazos iguais, semellante ás asturianas desta época, e dúas rosetas, unha de doce puntas e outra de seis que poden facer referencia ao mundo astral. Nesta porta completa o conxunto unha inscrición na que se pode ler o seguinte:

Parte esquerda:

SVARIVS ABBAS FECIT MEMORIA

Parte dereita:

ERA: T: C: LVIII ETQ IIII IDS FRB (ano 1121 a catro días idos de febreiro). Esta data, que o abade Suarius grava na memoria, pode ser moi ben a da construción do edificio que segundo un documento do 1155 debeu estar dedicado a mosteiro nun primeiro momento.

O interior é dunha soa nave e unha ábsida rectangular, cuberta esta con bóveda de canón. Na mesma ábsida posúe catro columnas apegadas ós seus muros con capiteis vexetais sobre os que descargan dous arcos apuntados. Conserva elementos interesantes, como o pavimento orixinal, as marcas de canteiro en dúas paredes e restos de pinturas do século XV-XVI que representan o bautismo de Cristo.

No adro destaca unha gran palmeira que foi plantada por un home na década de 1920 na sepultura do seu fillo.

Outro edificio relixioso da parroquia é a capela de San Bieito en Maial de estrutura arquitectónica sinxela, dunha nave con cuberta a dúas augas, con muros de cachotería. Destaca no exterior o que semella ser un sartego medieval.

Outro dos conxuntos significativos é o pazo de Paio que se datou entre os s. XVI-XVIII, e no que destacan, aparte do propio pazo, un hórreo



de madeira de grandes dimensións (20 m. de lonxitude), un pombal circular e a capela de Nosa Señora do Socorro na que destaca o retablo e as pinturas, así como unha talla atribuída a Ferreiro.

Foi Carreras Candi quen dixo: “*Algunos aseguran que en este ayuntamiento, y no en Jerez de los Caballeros (Badajoz), nació el famoso Vasco Núñez de Balboa, descubridor del Océano Pacífico.*” Non sabemos nada deste particular, pero si doutras persoas xenerosas que levaron o nome de Oza polo mundo como aqueles emigrantes en Bos Aires que fundaron a Asociación de Mutualidade y Cultura “Oza de los Ríos” no 1922; ou xente do mundo da cultura como o escritor e poeta, Salvador Golpe Varela.

Unha curiosidade desta parroquia é o da data da festa. Antigamente celebrábase o San Antonio –non o San Pedro como sería lóxico- o 13 de xuño. Debido a que naquela época moita xuventude ía segar a Castela cambiouse pola festa das Mercedes, na honra da Virxe das Mercedes, que se celebraba o 24 e 25 de setembro. Esta festa era costume que pedira para ela o caseiro do pazo de Paio, co que se xuntaba pagábase a música e os do pazo pagaban a función relixiosa. Esta era unha data na que era frecuente que chovese polo que se trasladou para a segunda semana de xullo e despois para a primeira, que é cando se celebra actualmente.

En Maial celébrase a romaría do San Bieito a semana despois de venres santo, que disque é moi avogoso para os males da gorxa.

ARRIBA:  
TÍMPANO DA  
PORTA NORTE  
COA DATA DE  
CONSTRUCCIÓN.  
Á ESQUERDA:  
XANELA DA  
ÁBSIDE.  
Á DEREITA:  
IMPOSICIÓN DO  
SANTO EN  
MAIAL.  
FOTOS VEIGA



# Aos cidadáns transitorios políticos

Antón Fafián Porto

Recén rematadas as eleccións municipais do mes de maio, desaparecidos, no mellor dos casos, centos de pancartas e *carteis* invocando ó voto ou amosando esloganes de campaña, veremos agora como administran os cidadáns elexidos de tódalas candidaturas a confianza que neles depositamos. Vaia dende estas páxinas de *A Xanela* o desexo de que o que fagan sexa feito con honestidade e cabeciña e que teñan máis en conta a NATUREZA privilexiada na que un día vimos o amencer por primeira vez.

Parémonos un momentíño a cavilar, lembrar sobre o entorno que nos rodea: casas, ruas, ríos, m a r i s m a s , montes, praias, mar... e pensemos nun momento no medio no que medramos, en cadanseu barrio, aldea... Moitas de esas lembranzas non son hoxe máis ca iso, r e c o r d o s .



Algunhas zonas aínda manteñen a súa idiosincrasia pero pouco a pouco van sendo engulidas pola marea de formigón ou asfalto.

Dende estas páxinas de reciclado papel van unhas peticións simples que abranguen máis do que cabe nas verbas. Vai ás persoas adicadas temporalmente a moi noble profesión de dirixir as nosas vilas ou cidades co permiso dos nosos prestados votos...:

Escríbrolles esta carta no principio do seu mandato co obxecto de pedirilles, se o teñen a ben, que...

teñan un pouquiño máis en conta...

O CHAN que pisan. Para que vexan non so asfalto, ladrillos ou formigón senón unha herdanza que chegou ata hoxe. E que se a terra xa non a traballamos para obter froitos dela, poidamos con-

vertela en algo útil para todos e non so para unos poucos con informacións privilexiadas que enchen as ruas de *carteis*: “Próxima construción de pisos de luxo nun lugar privilexiado, piscina, xardín privado... con tódolos servizos próximos...”, “Próxima construción de chalets en primeira liña de praia...”.

Ante a invasión de construcións e segundas residencias que afogaron a costa mediterránea e están a orixinar agora problemas de carestía da

vivenda para os habitantes desas zonas, inseguridade cidadá ou incapacidade para abastecer tal cantidade de urbanizacións dos servizos básicos como auga, saneamento... tócalle o turno a Galicia e a costa cantábrica.

Hai uns meses, nunha tertulia radiofónica, un representante dos promotores inmobiliarios de Galicia refería a demanda real e desexo de que miles de españois, nórdicos, alemáns, británicos... quixeran mercar vivenda en Galicia, coa posibilidade de negocio que para o sector iso representaba atraídos polo patrimonio natural, cultural... aínda relativamente ben conservado. A arquitecta Teresa Táboas, Conselleira de Vivenda e Solo da Xunta, tamén presente na tertulia, respostou que o das segundas residencias para turistas ou xubilados europeos era un fenómeno a ter en conta e limitar, posto que a prioridade do goberno eran os miles de galegos que todavía non tiveron acceso á súa primeira vivenda, e que non podía permitirse que concellos que nos derradeiros anos apenas incrementaron o seu censo, cando non perderon poboación, tenten multiplicar o seu crecemento urbanístico sen límite; recalificando o chan coa idea de medrar sen orden n en planificación para que centos de miles de

máns, británicos... quixeran mercar vivenda en Galicia, coa posibilidade de negocio que para o sector iso representaba atraídos polo patrimonio natural, cultural... aínda relativamente ben conservado. A arquitecta Teresa Táboas, Conselleira de Vivenda e Solo da Xunta, tamén presente na tertulia, respostou que o das segundas residencias para turistas ou xubilados europeos era un fenómeno a ter en conta e limitar, posto que a prioridade do goberno eran os miles de galegos que todavía non tiveron acceso á súa primeira vivenda, e que non podía permitirse que concellos que nos derradeiros anos apenas incrementaron o seu censo, cando non perderon poboación, tenten multiplicar o seu crecemento urbanístico sen límite; recalificando o chan coa idea de medrar sen orden n en planificación para que centos de miles de

xubilados ou turistas de maior poder adquisitivo viñeran a mercar segunda vivenda a Galicia. Como dicía un titular do xornal *La Voz de Galicia*: “En serio, estamos a xogarnos a costa”. E non so a costa.

...teñan un pouquiño máis en conta:

Aos RIOS que sacian a sede da terra e dos seres vivos, para que se mellore o saneamento, rematen os vertidos periódicos, para que se use menos hormigón nas súas beiras, mellor paseos naturalizados con árbores en lugar de muros de pedra e formigón para que poidan seren vividos ademais de polos seus habitantes naturais: peixes, lontras, anguias, patos... e co seu digno permiso polo pobo, non so por produtores de vatios que condicionan o uso dun recurso que nunca debería terse privatizado. Vémolos en lugares como Chelo onde variopintos *carteis* indican a prohibición de bañarse dada a perigosidade pola previsible “subida repentina do caudal do río” debido á existencia de varias centrais hidroeléctricas Mandeo arriba ou nos regatos que o alimentan. Nestes anos xa van varios mortos.

Máis respecto e consideración polas fontes que nos quedan, a Madalena, Picachá, a Cangrexeira, a Fonteña..., e que moitas persoas usan sen saber se as augas que brotan da terra están en condicións de salubridade. Fontes que representan un privilexio gratuito que non todos valoran na moda actual das augas embotelladas.

Unha fonte é algo máis que amañar o surtidor e os arredores, hai que protexelo entorno delas para evitar vertidos ou polucións variadas. Non sería mala idea artellar mecanismos de control polo cal poderíamos saber se se fan seguimentos analíticos periódicos de cada unha das fontes, que parámetros se estudian e coñecer os



resultados dos mesmos públicamente para con iso coñecer a calidade das augas que consumimos. As veces parece que sae máis rendible polo que se ve poñer o *cartel* de “Auga non tratada sanitariamente” ou “Auga non potable” co que aforran controles e difuminan a responsabilidade no usuario ou consumidor, “nos xa o avisaremos...”

...teñan un pouquiño máis en conta:

O AIRE que respiramos, a ese aire que na Eira Vella percorren anduriñas, vencillos e aviáns comúns capturando en vo miles de insectos e que son un espectáculo que merece a pena sentar a contemplar nas bancadas que miran cara o Mandeo dende a primavera ao outono.

Benvida sexa a peonalización do casco vello, nunca feito para o tránsito de vehículos a motor e que vai gañando en tódalas cidades espazos para a xente. Pensen por un momento os metros cadrados que se adican a estradas, aparcadoiros... dentro dunha cidade e compárenos cos adicados aos humanos: beirarúas, parques, instalacións deportivas...

Se plantan árbores nos parques ou xardíns por favor que sexan da terra: carballos, nogueiras, castiñeiros, cerdeiras, ameneiros... que ademais de sombra dan froitos e ao seren de folla caduca deixan velo sol no inverno non como moitas especies de magnolios, plataneros que asombran todo o ano.

Axuden como responsables políticos, e antes como habitantes a que os nenos coñezan máis a Natureza coa que compartimos, este pobo chamado Betanzos, esta comarca chamada das Mariñas e este planeta chamado TERRA.



FOTOS BARAXEIRO: FONTE EN ILLOBRE E PONTE DE ROIBEIRA. PÁXINA ANTERIOR: FOTO FAFIAN.

# MARÍA MARIÑO

A escritora homenaxeada este ano pola Academia Galega é unha muller. E isto xa é unha novidade a destacar, pois contadas foron as mulleres —dúas— que mereceron ata agora esta homenaxe. Como contadas foron no pasado, por razóns nas que non imos entrar agora, as mulleres que cultivaron a escrita na nosa lingua. E deixando aparte o caso excepcional de Rosalía, que inaugurou estas celebracións en 1963, cando se cumprían cen anos da edición do seu *Cantares Gallegos*, os merecementos da outra eran dubidosos.

Dubidosos son tamén para algúns os merecementos de María Mariño. Xa dende un principio, é dicir, dende o seu bautismo literario con *Palabra no tempo*, en 1963, houbo quen falou dunha invención de



Novoneyra, atribuíndolle a este a obra, e negou mesmo a existencia de María Mariño. Outros, máis realistas, falaron dunha influencia desmedida de Novoneyra en demérito da autora.

Só publicou María unha obra en vida: *Palabra no tempo*, edición que se encargou de promover e promocionar Uxío Novoneyra cun entusiasmo tal que chegou a calificala de “dinamiteira da fala”.

Non cabe dúbida de que a súa obra é un reflexo da súa vida. Non importa moito de quen bebera, pois dalle a cada poema a súa visión particular. As circunstancias que viviu dende nova déronlle a forza necesaria para que chegado o momento, non importa cando, deixara a semente, que

alguén recollera o froito e permanecera no tempo. A súa “Palabra no tempo”

Tiven medo de vogar,  
tiven medo da auga crara.  
Anque fora cuns bos remos  
anque fora na mar calma,  
non vogaba!, non vogaba!

O medo xa non sei del.  
Xa secou aquel mar longo.  
E sin saber donde veu,  
si é doutro ou é meu,  
navego nun mar de fondo.

(De “Palabra no tempo”)

1

EU non sei si xa pasou  
ou se inda ten que pasar,  
ou si aquilo que eu sentín  
non foi sentir, foi soñar.  
Vivo no preto quedo  
dun lonxano latexar.

2

O silencio das cousas, hoxe,  
aboia, aboia en min.  
Remos navegan terra ó lonxe,  
volvendo as augas cara min.

(De “Palabra no tempo”)



# MARÍA MARIÑO

## DATAS NA VIDA DE MARIA MARIÑO

**1907.** Nace na vila de Noia o 8 de xuño no seo dunha familia humilde, formada por un zapateiro e unha costureira. María é a cuarta de cinco irmáns. Traballa de costureira.

**1927.** Trasládase cos seus pais a Escarabote (Boiro). Frecuenta nese concello o pazo de Goiáns e a súa biblioteca, onde traballaba uns tíos seus que rematarían herdando o pazo.

**1936-37.** Viaxa ao País Vasco a visitar unha irmá que estaba alí establecida coa súa familia. Convive con eles en Berango, ao pé de Bilbao e asistirá a esceas dramáticas do cerco e toma de Bilbao polos franquistas.

**1939.** Casa en Escarabote co mestre santiagués Roberto Pose Carballido, oito anos máis novo ca ela, que regresaba do fronte e incorporábase ao ensino.

**1943.** O matrimonio trasládase a Arzúa, onde o mestre foi destinado á escola de Igrexa-Dodro.

**1945.** En setembro, tamén por razóns profesionais do marido, marchan ao País Vasco, pasando o curso 1945-46 en Elantxove.

**1946.** No verán regresan a Galicia, residindo cun irmán dela e a súa familia nas minas de San Finx de Lousame. Alí nace en setembro o fillo do matrimonio que morrerá apenas un mes despois sumindo a María nunha fonda depresión.

Cambian de novo ao irense no curso 1946-47 para Romeor do Courel. Alí morre, ao pouco tempo de chegaren, a súa nai Filomena.

Ao curso seguinte trasladáanse á escola de Parada, tamén no Courel, onde pasará o matrimonio vinte anos, ate a morte de María.

Nesta aldea entra en relación co mozo poeta Uxío Novoneyra, quen influirá en María para que escriba e publique en galego.

**1963.** Publícase en Lugo o seu libro poético *Palabra no tempo*, único que publicou en vida, cun gravado na capa de Reimundo Patiño e prólogo de Otero Pedrayo. Continuará a escribir textos que se publicarán postumamente.

**1967.** Enferma nos últimos anos de leucemia, María morre na escola de Parada o 18 de maio.



DE DIANTE A ATRÁS: ROBERTO POSE, MANUEL MARÍA, SALETA, MARÍA MARIÑO E NOVONEYRA, NA CASA DESTE EN PARADA.

## A OBRA DE MARÍA MARIÑO

1963. *Palabra no tempo*.  
Editorial Celta, colección Tesos  
Cumes, Lugo.
1990. *Verba que comenza*  
(Libro de homenaxe).  
Concello de Noia.
1994. *Obra completa*.  
Edición de Victoria Sanjurjo.  
Edicións Xerais, Vigo.

# MARÍA MARIÑO

## Encéndeseme o peito, brua en alma soia

-verba que comenza-  
Ti que sabes ben de onde viñen  
ti que sabes ben quen son,  
ti que ves por onde ando.  
Ouh, raxa o tempo ca tua hora, raxa as cousas!  
Ti xa morta, viva ou non sei, ti...  
Pro, quén eres ti?  
Si non peneiras o farelo, si non dás  
formento á masa,  
si non coce xa o teu forno,  
que pan sacará o teu grao ben mundo?  
Ti, hoxe miña, -sóio hoxe, mañán xa  
non,  
mañán serás nebra nubra como outra.  
Hoxe dime,  
dime das cousas, dime si o meu de ti alento  
é alento ou bruma,  
dime si respiro ou afogo,  
dime daquela hora miña -día noso-.

Ouh Natureza pequeniña e longa, hoxe  
téñote na man, cinguidiña ós meus dedos de  
terra,  
puño xusto da miña forza,  
sóio latido.

(De "Verba que comenza")



## Está caendo a folla i´en min nace primavera.

Quén entenderá este mar vello?  
Cómo digo onte sendo hoxe?  
Cómo farto a miña verba do nacer que xa pasou!  
Cómo reino nas migallas onde medrei un bon día!  
Cómo piso forte sendo branda?  
Cómo digo sí si o non está esoitando?  
Quén entenderá este mar vello?  
Medro, medro e non sei onde parar.  
Presas xa e ceguiña no cume  
lévame,  
lévame ó chan a verba.

Queda hoxe o chan soio  
muxindo a pegada do tempo.  
Mesturadas terras peneiran, peneiran fariña,  
fariña que non fai masa.  
Rebélanse as ondas ós mares,  
os ríos afogan a pradeira seca,  
os camiños non se atopan.  
Quén entenderá este mar vello?  
É outono i´en min nace primavera.  
Quén o entenderá?

(De "Verba que comenza")

## Aquí che deixo, meu peito canso, aquí

che deixo,  
aquí che deixo neste branco papel trillado, neste  
percuo das horas.  
Quén eres -preguntaranche-, quén ere?  
Son a néboa que anda soia, son o sol  
que quenta as queixas, dos camiños  
son o farto,  
son o sono que rixe  
mundo que verte tempo,  
son o berro caladiño entre arranque-brío de sono morto.  
Das cousas que non se atopan  
tamén son,  
das ondas que sóio van, van e van,  
delas son,  
de cando veñen e vein vindo  
delas son. Son o ledo daquel sono -terra de sin pisadas,  
soio remaxe das cousas-.

Papel branco,  
trillado,  
papel,  
berra,  
berra entre os fortes  
desd´onde as miñas verbas che magoan.

(De "Verba que comenza")

# MARÍA MARIÑO

## O Veleiro María Mariño naufraga nos montes do Caurel

Una vista parcial

I

O Vento da ría ouvea  
na boca do lobo. Tan lixeiro!  
Nas carballeiras de Parada  
rompe a marea chea.  
Era o teu labre tan salobre, María  
era a tua man escuma brunida.  
Ainda queda un velamio nos teus ollos.  
Esa brancura única  
que tremola no trascordo da infancia.  
Xa daquela querías a estrela do Caurel  
¡a máis outa!  
¡Cánta bocarribeira no curuto das águilas!

II

Ergues unha torre no tempo. Teces a brétema.  
Cantas desde o fondo fiandeira.  
-Alguén rema na outra banda da memoria-  
E a ferida atobase, abre o seu esplendor  
na cerne do cántico.  
O bater das ondas  
aínd abanea o teu berce, María.

III

Así como reloce a rosa ventureira  
no alto muro do universo,  
a tua voz  
fluía na devesa sagrada.  
-Unha pomba escura-  
O vento.

**Antón Avilés de Taramancos**

20/10/1983

Poema homenaxe

# Voluntarios arxentinos na Guerra Civil Española

Jerónimo Boragina

A guerra civil española tivo a súa impronta de sangue, morte e exilio en tantos valentes españoles que defenderon a democracia do seu pobo, mais tamén deixou a súa pegada non só na historia arxentina senón en moitos homes que saíron deste país a defender a liberdade ameazada polo fascismo.

Por aqueles anos o movemento obreiro argentino adheríase non só na formalidade senón na acción, coa causa española pola liberdade. Organizáronse comités de axuda nun centenar de Centros Republicanos por todo o país, e artellouse o Comité Coordinador de Axuda a España, de tendencia anarquista, a FOARE (Federación de Organizacions de Axuda á República Española) de orixe comunista e o Partido Socialista colaborou coas dependencias da embaixada española cos centros republicanos de diversos lugares da Argentina. Todo un movemento, un pobo en movemento axudando con alimentos, roupa, ambulancias, medicamentos e todo o necesario para asistir humanitariamente á República e aos seus combatentes que defendían con heroísmo cada palmo da terra.


Alén do esforzo material, as diferentes organizacións políticas e sindicais enviaron voluntarios arxentinos para participar na defensa da República Española. Homes e mulleres arxentinos participaron en diversas labores en España como enfermeiros, dirixentes ou combatendo nas Unidades Mixtas republicanas ou nas Brigadas Internacionais.

Todas estas historias son contadas no documental que realizamos co Grupo de "Historia desde Abajo" un grupo de historiadores da cidade de Mar del Plata (provincia de Buenos Aires) integrado por Lucas Gonzales, Ernesto Sommaro, Gustavo Dorado, Jerónimo Boragina, José L. Bramante e Fabián Mazzitellio.

O vídeo chámase "*Esos mismos hombres*" *Voluntarios Argentinos en la Guerra Civil Española*. A través dunha investigación de anos, poidemos entrevistar a varios voluntarios que nos contaron a súa experiencia e conseguimos xuntar un arquivo fotográfico que expoñemos no vídeo con máis de setecentas fotografías. Retratos de xuventude, de solidariedade coa República e da vontade destes homes de viax-

ar a España para dar a súa vida na defensa da liberdade. É así como despois de estrear o vídeo na Capital Federal, entramos en relación con xente do Centro Betanzos de Buenos Aires, coñecendo ao seu secretario Andrés Señoráns Pérez quen nos pideu pasar o documental no Salón Geno Díaz da súa sede na rúa Venezuela 1533. Moi cordialmente fomos recibidos pola xente do Centro Betanzos, e en verdade sabíamos que este centro fora un dos que máis actividade solidaria desenvolveu a prol da República Española por aqueles anos 1936-1939. O Centro Betanzos foi fundado na cidade de Buenos Aires en 1933 mais rapidamente conqueriu armarse dunha organización moi forte grazas á colectividade betanceira existente na cidade, e iso foi volcado amplamente en festivales, actos e colectas a favor do pobo español.

A nosa sorpresa foi grande aquel 20 de outubro de 2006 cando estreamos o documental no Centro Betanzos. O secretario de eventos, An-



drés Señoráns, ocupouse da organización e da a movida publicitaria que non só chegou a toda a cidade de Buenos Aires, senón tamén a España e en especial a Betanzos. É así como chega unha carta do Sr. Andrés Beade Dopico, exsecretario do Centro Betanzos e actual residente en Betanzos, quen nos amosou a súa satisfacción por que se fagan este tipo de actos culturais no Centro, mais aínda porque o voluntario arxentino combatente en España que aparecía no afiche publicitario era asociado do Centro Betanzos e el lembrábo perfectamente.

Foi así como nos enteramos que Andrés Rodríguez, garda de asalto en Madrid, que participou en todas as batallas pola defensa de Madrid, fora afiliado e asiduo concurrente do Centro Betanzos da capital federal. A noticia deunos profunda alegría. Á súa volta á Arxentina, Rodríguez afiliárase á Federación de Sociedades Gallegas, por intermedio do Centro Betanzos, e viviría os seus últimos días na cidade de Mar de Plata afiliado ao único Centro



Republicano Español aberto e en funcionamento deica os nosos días.

Á presentación do vídeo acodiron máis dun cento de persoas que se emocionaron profundamente ao ver aos voluntarios integrando as Brigadas Internacionais para defender o solo español, como se tiveran nado alí. No documental enfócanse varios puntos como a xuventude e o compromiso que tiveron estes mozos. Unha xeración comprometida cos valores democráticos e coas loitas que se estaban levando a cabo contra o fascismo en toda Europa. Unha estética ben representada cunha música de acompañamento case descoñecida sobre a época e sobre todo vendo as

caras descoñecidas deses homes que deron a súa vida pola liberdade.

Creemos que este tivo de actividades fomentan a memoria histórica para reivindicar xustiza e paz como se merecen todos os españois. Agradecemos ao Centro Betanzos por ternos dado esta posibilidade de amosar o noso traballo.

#### BETANCERO:

Nuestros hermanos sacrificados exigen unión y colaboración en la lucha por la independencia y libertad de nuestra tierra.

### Pedimos...

**Rogamos** a todos los Betanceros piensen en la desesperada situación de sus paisanos.

**El Centro Cultural Betanzos** acepta toda clase de ropas para enviar a los niños necesitados de Betanzos.

**Acepta** también toda clase de alimentos para mandar a los soldados de Betanzos que luchan en el frente leal.

Nosotros corremos con todos los gastos:

¡Colabore con nosotros!

¡Ayudemos a nuestros necesitados!

# Lembranza do gaitero Rilo

## A cen anos da súa morte

Xesús Torres Regueiro

Aproveitando que neste maio cúmprense cen anos da desaparición do vello Rilo, voltamos unha vez máis sobre a figura deste mítico gaitero das Mariñas. Oportuno estivo tamén o Concello de Betanzos, a través da concellería de Xuventude e Normalización Lingüística, homenaxeando a Rilo neste seu centenario cun certame de gaitas na súa memoria.

Rilo de Betanzos para os de fóra da vila betanceira; Rilo de Piadela para os de dentro; en realidade, Rilo naceu na parroquia de Cis, do viciño concello de Oza dos Ríos e nel residiu case toda a súa vida, aínda que de feito tiña casa e estivo aveciñado algún tempo na parroquia betanceira de Piadela.

Non está clara a data exacta de nacemento de Rilo. Se na partida de defunción acaecida na parroquia de Salto, figura con setenta e oito anos "poco máis o menos", cando o seu segundo casoiro figura con doce anos menos, quizá quitándose anos para equipararse máis á noiva. Segundo aquel documento, tería nado en 1829; segundo este, en 1841. Moita diferenza que só podería solventar a partida de bautismo que non fomos quen de atopar. Si sábese que era fillo da moza solteira Antonia Rilo, da parroquia de San Nicolás de Cis. Tivo o gaitero varios fillos dos dous matrimonios (algúns tamén tocaron a gaita) e sobreviviu tamén á segunda muller.

Manuel Rilo Pardo foi moito máis que un bo gaitero. Nun tempo en que non había medios de comunicación fóra da prensa, el encarnou a cultura popular do seu tempo: conteiro, coplista, sermoneador no Entroido... Esa dimensión popular, festeira e rebuldeira, plasmouna moi ben Vales Villamarín, o vello cronista oficial de Betanzos, no soneto que lle adicou:



### O vello Rilo

Nacéu –según é fama- aturuxando  
E facéndolle chiscos á parteira.  
Ensinoulles ós merlos a muiñeira  
Cando de pequerrecho iba c'ó gando.

Foi un don Xoan Tenorio, namorando,  
E un Marcial de calzón e de monteira,  
E contaba no adral e na lareira  
Historias da "facciión" e o rei Fernando.

Sabía de memoria o Ciprianillo,  
Libraba da tirís e o garrotillo,  
Conxuraba os meigallos e o tronante...  
E nas romaxes d'este chan saudoso  
Como gaitero enxebre e fachendoso,  
Non lle puxo ningun nunca o pé diante.

É sona que Rilo gañou vinteseite certames por toda Galiza. Entre outros lugares, Betanzos, A Coruña e, sobre todo, Santiago de Compostela, no día do patrón, souberon do seu trunfo. Este certame compostelán, que nalgún tempo aparellaba o título oficioso de mellor gaitero de Galiza, gañouno en máis dunha ocasión, unha delas ben documentada en 1893, cando o premio consistía en cen pesetas, coas que, segundo a tradición familiar, mercou un boi.

Aínda que Rilo acadou a vivir seis anos do século XX, o seu período de mestría profesional foi o último terzo do século XIX. Con todo, aínda pouco antes da súa morte, acaecida o dezasete de maio de 1907, era contratado para as festas de Santa Marta de Ortigueira. Coétaneo de Rosalía e Murguía, o seu tempo vital é o da desaparición de Galiza como reino e o novo partillamento provincial que lle arrebatara ese rango a Betanzos.



É o tempo do movemento Provincialista liderado polo betanceiro Antolín Faraldo, a revolta de 1846 e os mártires de Carral, a efémera I República e a Restauración borbónica, o Rexurdimento cultural, a chegada do ferrocarril (tamén á súa Oza), a guerra de Cuba, o Rexionalismo cultural e político, o caciquismo e a emigración en masa. Cando morre Rilo nace Solidaridad Gallega, fúndase a Academia Galega e estrease o himno galego.


Tivo Rilo grandes rivais cos que compartiu sona e premios por todo o país galego: o Carballiño, o Fresco de Baio, Xan Amil, Chumín de Céltigos, os Manso de Colantres... Mais o seu rival por excelencia foi o célebre Ventosela, Xan Miguez, cando este era aínda novo e Rilo xa ía vello. A crítica e a opinión enfrontáboas de contino, representando Ventosela a innovación (con claves na gaita e adaptando aires foráneos) e Rilo a tradición e a pureza enxebre. O mestre e poeta betanceiro Xoán Díaz Fernández reflectiu este enfrontamento en *A festa de Santa Marta de Babío*, unha obriña case descoñecida publicada en 1927:

Bailábas' o son d' a gaita  
De Rilo, o mellor gaitero  
D' esta terra galiciana,  
Qu' anque vello a Ventosela  
Venceuno n' a gran batalla  
Que se dou alá en Madrid  
Entr' os gaiteros de fama. (...)

Rilo era un home pequeneiro (a xulgar polas fotografías que se coñecen), de ollar pícaro e



con grandes patillas branqueadas polos anos. O gran fotógrafo betanceiro Veiga Roel deixou nos un retrato seu. Non unha foto, senón un minucioso debuxo a pluma que foi reproducido en varias ocasións, fixando a imaxe máis coñecida do vello gaitero. Rilo está sentado nun outeiro ollándose ao fondo unha capeliña nun val. Tamén Veiga é autor, esta vez no álbum particular do contista betanceiro Manuel Roel, doutro retrato do rostro do gaitero que xa publicamos no Anuario Brigantino de 1990. Son contadas as fotografías que se coñecen del: unha tocando coa danza betanceira dos Labradores e tres máis acompañado dun tamborileiro en diferentes épocas, das que dúas delas circularon como tarxetas postais.



COA DANZA DE LABRADORES NO PROGRAMA DE FESTAS DE BETANZOS DE 1901. ARRIBA: DÚAS FOTOS DE RILLO CON TAMBORILEIRO EN DIFERENTES ÉPOCAS.

## A inglesa Meakin fala de Betanzos

A escritora, viaxeira e antropóloga inglesa Annette Mary Budgett Meakin (1867-1957) viaxou por afastados países de Europa e Asia e tamén visitou Galicia, onde residiu unha tempada a comezos do século XX. Froito desa estadia e do seu interese polo noso país foi o libro *Galicia, the Switzerland of Spain*, que adicou á S.M. Victoria Eugenia “Raíña de Galicia”, quizá por ser inglesa como ela, publicado en Londres no 1909 e do que no 1994 se fixo tradución galega a cargo de Rebeca Quintáns na Editorial Tambre. O libro consta de vintese capítulos, varios deles sobre Santiago. O capítulo XXIV está dedicado a Betanzos e Ferrol. Neste traballo sobre “a Suíza de España” a inglesa documentouse amplamente, abordando a xeografía, a lingua, a historia, a arqueoloxía, a emigración a fauna e a flora, os grandes mosteiros, así como as principais cidades e vilas galegas.

En Betanzos, a Meakin parou no desaparecido hotel Comercio (“unha fonda campestre”), sobre o que hai un traballo de Torres Regueiro no Anuario Brigantino de 2003. Confúndese a inglesa coas funcións do edificio Arquivo, tamén do día da feira e no nome da “rua das Cen Doncelas” (por Valdonce) entre outros erros menores. Aventúrase nas etimoloxías e orixes da poboación, aínda que amparada nunha ampla bibliografía. Dedílle especial interese a Tiobre e déixanos a entrañabel nota etnográfica da celebración dos Maios con foto incluída. (S.T.)

### Betanzos

**Annete B. Meakin**

**B**etanzos é unha das vilas máis antigas de España; algúns escritores pensan que a fundaron os comerciantes fenicios que viñeron ás costas do noroeste en busca de estaño e outros metais. Betanzos era unha das sete provincias nas que se dividía a antiga Galicia, e ao longo da Idade Media tivo un considerable grao de importancia. A Ría, que ten Betanzos na súa ribeira, é agora pouco profunda e pouco importante, pero hai boas razóns para crer que nos tempos antigos as súas augas eran navegables ata as murallas da cidade, e enchíanse de barcos. Betanzos está agora na provincia da Coruña e só a unha hora en tren da cidade con ese nome. Xa que non tivemos oportunidade de visitala durante a nosa estancia na Coruña, fixemos alí a nosa primeira parada ao deixar Lugo: a viaxe (en tren expreso) levounos só dúas horas. [...]

Os primeiros habitantes de Betanzos foron probablemente unha comunidade mesturada de gregos e celtas: os romanos chamaron á vila Brigantium Flavium, despois de Vespasiano (ou Titus), que fundou a cidade romana aproximadamente no 72 d.C., ou Flavia Lambris. A vila actual está no que hoxe só é unha pequena enseada, case a unha milla de distancia do mar, e só os barcos pequenos poden chegar a ela. A tres dos lados hai montes inclinados na meirande parte cubertos de bosques e pastos, de xeito que a situación do lugar é decididamente pintoresca. Moitos residentes en Madrid e outras localidades do interior teñen casas aquí para os meses de

verán; e xa que está só a unhas poucas millas da Coruña, é a zona máis coñecida para os españois de Galicia. O río Mandeo flúe a través da vila e desemboca na enseada ou ría. O 18 de agosto, tódolos anos, os habitantes celebran a súa Festa de Caneiros. É unha especie de Batalla de Flores que ten lugar na ría. A auga cóbrese de barcos alegremente decorados con flores. A marea leva ao festeiros cara ó mar, e con ela volven pola tarde despois de moita romaría e ledicia. A festa é singular mesmo para os españois, e os amigos que teñen tomado parte nela falan con arroubo do esplendor e beleza da escena. Innumerables barcos cubertos de grilandas flotan nas augas, e asoman as felices caras baixo os festóns de flores e follaxe.

En Betanzos o mellor hotel non é máis que unha fonda campestre. Dende as xanelas ollamos ao espacio aberto coñecido como Praza do Campo, e fronte a el hai un fermoso edificio do século XVIII que foi nun tempo o arquivo municipal máis importante de Galicia; parte del agora é unha escola municipal para nenos. Sobre a entrada principal, á que se accede por unha dobre escalinata de pedra, están as antigas armas de Galicia (un cáliz que contén a Hostia). Os ómnibus para Ferrol e Pontedeume saen de fronte a este edificio, e sempre hai moito movemento, pero cando hai mercado a escena é particularmente variada e interesante, e no primeiro e no día dezasete de cada mes celébrase alí a feira. Durante a feira un recuncho da praza convértese




en feira de gando, outra échese de cabalos, e outra de porcos. A multitude é tan grande que resulta difícil facerse camiño para atravesala.

Betanzos está chea de interese para os arqueólogos. Para comenzo, está estreitamente relacionado coa lenda das Cen Doncelas á que xa teño aludido en outras partes. Molina di sobre esta conexión: “De todo o que eu teño escrito neste pequeno libro, non hai tema máis merecedor de atención que a historia do aborrecible tributo que o Rei Mauregato impuxo aos cristiáns”; e despois continúa a dicir como uns mozos galegos de nobres corazóns e voluntariosos arremeteron contra os mouros nun lugar chamado Pecte Burdelo, e liberaron a España para sempre das súas ignominiosas demandas. Unha rúa en Betanzos leva ata hoxe o nome de “Rúa das Cen Doncelas”.

A parroquia máis antiga na vila moderna é Bravío, e as súas igrexas datan da segunda metade do século XII. A parroquia máis antiga na vila vella é Tiobre. Subimos ao monte para ver a pequena igrexa de Tiobre, que está nun alto ao nordeste da vila. Era día dous de maio, día no que os rapaces españois celebran a súa festa que se corresponde coa nosa elección da Raíña de Maio. Nun lugar da estrada atopamos un grupo de rapaces que levaban un arco graciosamente decorado con lazos de cores. Facían pasar por debaixo do arco ao rapaz máis pequeno dos tres que ían, con ollos pechados, mentres os nenos cantaban uns versos sobre o soño do Inverno; despois, mentres cantaban á chegada da Primavera e ao espertar das flores e dos paxaros, fixeron que o rapaz abriera os ollos e pasara debaixo do arco unha vez máis. Tomei unha instantánea do alegre grupo, e logo seguimos camiño monte arriba pasando pola moderna igrexa da Nosa Señora do Caneiro, onde aínda van moitas peregrinacións. Dende o camposanto había unha

vista maravillosa da vila, aínda que non podía verse enteira. Dinme conta de que a vila se estendía tan asustadamente entre os moitos montes que dende calquera dos altos que pudieras ollar para ela algunhas das rúas ficarían sempre escondidas da vista. Máis alá da igrexa tivemos que camiñar en fila de a un entre os campos de trigo e centeo ata chegar á pequena igrexa de San Martín de Tiobre. É un edificio moi pequeno de granito cunha fermosa entrada románica e unha porta lateral do mesmo estilo, mentres que sobre o arco triunfal ten un rosetón, que desafortunadamente cegaron, de xeito que o interior está máis escuro do que debería. Hai catro columnas con fermosos capiteis esculpidos, dous a cada lado da entrada principal. O teito da nave é de madeira, pero a bóveda da ábside é de pedra. Uns meses antes da miña visita fora descuberta unha inscrición no muro, debaixo da xanela de rosetón e un pouco á esquerda, pero aínda non tiña sido descifrada. O frontón no que se apoia a campá é, por suposto, obra do século XVIII. É unha pena que os bloques de granito cos que está construída a igrexa teñan sido cubertos con pintura branca.

Non hai mellores vistas de Betanzos cás que se teñen dende a pequena plataforma arredor da igrexa de Tiobre. Este alto é en realidade un túmulo moi grande, que se supón que data dos tempos dos celtas e se chama O castro de Tiobre, das dúas palabras celtas: Dis, Deus; e obre, pobo. Segundo a Historia Compostelana había unha igrexa aquí chamada San Martín de Tiobre no século IX. A arquitectura do edificio existente é románica-bizantina, o estilo predominante por toda Galicia durante a Idade Media. O D. Oviedo di que esta igrexa debeu ser construída despois do 1224, a data na que Afonso IX trasladou a poboación da antiga Betanzos á vila nova.



FOTOS DE ANNETTE MEAKIN PUBLICADAS NO SEU LIBRO.  
PRAZA DO MERCADO [POR ERROR SITUADA EN LUGO] E PORTADA ROMÁNICA DE ENTRADA Á IGREXA DE TIOBRE.

# Facer claridade nos recordos mudos de Vizoño

Miro Villar

A perda da inocencia púbere e o esvaeamento dos soños argallados durante a mocidade é un tema recorrente en toda a poesía, sobre todo desde o romanticismo. Esa meditación sobre o paso e a fugacidade do tempo que nos obriga a afastarnos da infancia, o desasosiego que produce en nós a perda dese pasado edénico, son sentimentos de natureza universal. Con todo, aquí pesa moito a vella tradición poética española das coplas de Jorge Manrique e a súa noción do paraíso perdido que se identifica coa infancia.

Ora ben, toda esa recuperación evocadora e nostálgica do paraíso perdido da infancia tamén ocupa moitas páxinas na literatura galega, de maneira singular na obra de Celso Emilio Ferreiro ao se converter nunha aparición obsesiva no seu derradeiro libro, *Onde o mundo se chama Celanova* (1975), ademais de ter unha notable presenza nos versos de *O soño sulagado* (1955) e do paradigmático *Longa noite de pedra* (1962).

A mención de Celso Emilio non é gratuíta, pois como acontece en *Onde o mundo se chama Celanova* coa nominación do topónimo celanovés no título, Maxi Rei tamén resume noutro topónimo, neste caso *Vizoño*, a súa memoria persoal da infancia. Como di Maxi Rei no poema que pecha o libro:

*Sabede  
sabede que eu cheguei aquí cun propósito  
de gardar tódalas memorias  
e escribo para facer claridade nos recordos mudos*

Intencionalidade que se fai manifesta xa desde o primeiro paratexto do libro, a dedicatoria aos avós do poeta, seguida da frase «Que a memoria sexa» e que vai continuar nos 23 poemas que compoñen o libro, nomeadamente no poema intitulado «Daqueles veráns nos que pasei a infancia na casa dos avós».

Daquela, é evidente o feito de estarmos perante unha elaborada construción (auto)biográfica, que nos leva até a formación do eu infantil, o chamado “estadio do espello” (que dicía o ensaísta e psicanalista Jacques Lacan) no que ese espello devolve a imaxe da relación feliz que o *eu* tivo co mundo.

Aquí, ao contrario do que sucede na poesía de Celso Emilio, non se presenta ningún conflito entre a cultura agraria da vida rural e a cultura urbana da civilización industrial, que leva parella a deshumanización da urbe. Non hai versos que nos falen dos ruídos da cidade e da súa actividade frenética en contraposición ao edén do rural.

De feito, en *Vizoño*, canda os recordos das persoas existe unha fonda paixón telúrica, un forte enraizamento coa terra que se expresa dunha maneira directa ou insinuada. Este panteísmo que transmiten os versos de Maxi Rei reflicte a comunión do home coa terra, aínda que non se trata dunha poesía descritiva, senón dunha interpretación metafísica da paisaxe, através desa nostalgia do paraíso perdido, das lembranzas da súa infancia, o mundo labrego iluminado pola inocencia e desaparecido para sempre.

Ao seu carón as imaxes do pote, da lareira ou do carro, que xa perderon a súa funcionalidade para se converteren noutra cousa. Todos tres poden aínda existir, e de feito existen, para adornaren recunchos da casa moderna, mais xa non nos van contar historias do traballo xeradas ao seu redor. Todas elas son olladas cara ao pasado con lembranzas da nenez enfrontadas ao *tempus fugit*, o paso inexorable do tempo.

Axiña reparamos no carácter (auto)biográfico, inherente á maioría das poéticas intimistas e facémolo xa dende os encabezamentos dos textos, pois neles aparecen persoas do seu propio mundo familiar (o tío Jesús, a miña avoa, o meu avó, o meu padriño, a miña nai) compartindo recordos con aqueloutros da veciñanza (aquele viciño noso que matou a galletazos un gato porque lle asaltaba o galiñeiro, a señora Elvira da Malata e os seus queixos cremosos, a señora Consuelo e as súas consideracións verbo da idade da súa casa), mais tamén cos lugares emblemáticos dese paraíso perdido, esas imaxes cor sepia das rodas do carro a podreecer encima do pozo negro, dos anacos do seiscentos do padriño ou da cortadura de dous carballos irmáns centenarios.

Certo é que a enunciación parte sempre do eu, mais as constantes referencias á primeira persoa non impiden que nós, os receptores, lectores ou oíntes, poidamos chegar a reflectirnos nos

textos, pois esa enunciación en exceso envorcada na propia identidade do poeta comparte conosco situacións que vivimos os que dunha maneira ou doutra somos os seus contemporáneos, aqueles que podemos entender perfectamente todas esas pegadas autorreferenciais e, dalgunha maneira, recoñecermonos tamén nelas.

Alén diso, os poemas de Maxi Rei conteñen referencias inequívocas ao mundo máis íntimo e persoal desa infancia. Por esta razón, non debe causarnos sorpresa a presenza de pegadas da súa vida privada. Atopámonos perante un tecido de recordos nos que o eu lírico revive os sentimentos máis íntimos, como podemos ler en «Daqueles balóns de plástico que tiña para xogar na eira» ou, dunha maneira máis significativa aínda, en «De cando recibín a primeira comuñón na igrexa de San Pedro de Vizoño».

Por outra parte, a infancia tamén se configura como un tempo axeitado para a continua formulación de preguntas co obxecto de entender o funcionamento do mundo, nomeadamente cando falamos da morte. A morte dos seres queridos é sempre incomprendible, por iso en *Vizoño* os poemas falan da morte da avoa, ela que a arrecede, que a presente nas penas negras da lareira, ou a terra a botar de menos “os fíos da labor campesiña escrita nas túas mans / que tanto por ela miraron” no caso da morte do avó, e que acadada a súa maior intensidade no poema «De cando en Vizoño me dixeron que Raquel morrera», pois aquí se relata a historia de a quen lle roubaron a

vida na flor da mocidade, e iso doe, sempre doe e sempre se fai máis incomprendible. Non remata aquí a temática, pois incluso hai un texto intitulado «Do cemiterio de Vizoño», acaso o máis descritivo dos poemas, outro que nos fala da impotencia e da tristeza de ver desaparecer a xente ou aínda aqueloutro que relata como o avó levava a enterrar uns ciganos mortos a tiros nas Travesas.

Mención á parte merece a visión que o poeta desenvolve con respecto á reflexión metapoética, isto é, a desvelar as razóns da escrita poética. Neste senso é determinante a lectura do derradeiro poema «Das razóns polas que escribín estes poemas», que é abondo revelador da opinión de Maxi Rei sobre a función terapéutica da poesía. Por esa razón, e xa para rematar, convido a que vostedes inicien a lectura polo final do libro.

Finalmente, agradezo á Asociación Cultural Eira Vella o convite para apresetar este libro, ao tempo que os felicito por se converteren en editorial, desexándolles unha andaina tan longa e tan frutífera como a que xa leva a revista *A Xanela*, onde, por certo, coñecín eu os primeiros poemas de Maxi Rei.

Betanzos, decembro do 2006.

(Intervención de Miro Villar na presentación do poemario “Vizoño”, editado pola A. C. Eira Vella, realizada o día 29 de decembro de 2006.)



MIRO VILLAR, MAXI REI, SUSO TORRES E PILAR VÁZQUEZ NA PRESENTACIÓN DE “VIZOÑO”.

## Pop arxentino e hispano entre a melodía e a treboada

Xosé Luis Sobrino

Recuperamos para esta sección un disco editado no pasado ano, centrado nas revisións de clásicos dun icono da música arxentina o grupo *Soda Stereo* e ao mesmo tempo achegamos exemplos de pop hispano que ben podería ter compartido longas sesións de debate e discusións cos produtores arxentinos, pois comparten algúns plantexamentos básicos. Por último tamén incluimos un dos iconos do pop-rock español, o vigués *Iván Ferreiro* que volta con novo disco.

### Música Ligera “Versiones Lounge” 2006.

Dende Arxentina chéganos unha revisión en clave soft dos temas de *Soda Stereo* dunha das bandas que marcou os camiños da música arxentina e do pop hispanoamericano nas décadas dos anos 80 e 90.

Nel podemos atopar versións de temas clásicos da banda interpretados por voces femininas que saben adaptalos con dozura e sensualidade pero sen seguer ao longo da súa escoita unha liña recta. Neste senso o disco podería encadrarse, pese a non tratarse de pop en sentido puro, na liña vocal de traballos doutras bandas arxentinas actuais como *Rosal*, *No lo soporto* ou *Hámacas al río*.

O disco caracterízase por sons envolventes e suxerentes, aptos para quen busque a tranquilidade dunha boa conversa arroupado por unha exquisita atmósfera musical. A orientación dos temas vai en consonancia ás veces cun son ambiente como serían “Secuencia inicial” ou “Música Ligera”, pero noutros cortes vira cara ó son dance facilmente identificable na canción “Afrodosíacos” ou “Toma la ruta”. Neste tipo de gravacións tamén aparecen con frecuencia os ritmos da bossa nova, algo que se aprecia en “Los Langius”.


O disco está editado polo selo Alerta que ten como cabeza visible a Zeta Bosio, baixista de *Soda Stereo*, polo que se entende o coidado que se aprecia no resultado final do traballo. Disco



recomendable para os que busquen novas experiencias sonoras e estimulantes coa escoita dos seus doce cortes, e tamén para aqueles fans da banda arxentina que comprobarán que o bo deseño orixinal dos temas permite múltiples e brillantes interpretacións posteriores, máis alá da que fixera Gustavo Cerati e a súa banda no seu momento.

### La buena vida “Vidania” 2006.

Outro exemplo de pop melódico feito no noso país é o de La Buena Vida. Grupo donostiarra



que naceu a principios dos anos 90 e que conta con sete discos publicados ata o momento. O que aquí achegamos está recén saído ao mercado e nel pódense apreciar algúns dos sinais de identidade do grupo, con temas e letras capaces de chegar a un público moi amplo e arranxos melódicos suaves para os que fuxen de sons estridentes.

Na súa música podemos ver a evolución de temas pop sinxelos a outros nos que os arranxos orquestrais son máis patentes, pero sempre baixo o selo dunha aparente ou finxida simplicidade sonora que cede a relevancia á mensaxe das súas composicións.

A música, pese a compartir esa dozura compositiva que os faría emparentar con grupos como o arxentino *Rosal*, conta cuns arranxos instrumentais que fan que a súa música poida

chegar a un espectro máis amplo de xente, ao dotala dunha maior contemporaneidade. En suma, temos diante un bon disco para facer unha transición sen sobresaltos do pop de outono a melodías máis optimistas e empapadas do espírito primaveral.


### **Iván Ferreiro** **“Las siete y media”** **2006.**

Segundo traballo en solitario do que fora líder do grupo Los Piratas. Ferreiro volta á escena musical tras a estupenda acollida pola crítica do seu primeiro traballo. Este disco inclúe 8 temas que ben poderían ser sete e medio pola escasa duración do primeiro corte que non acada o minuto. Daí o título escollido polo compositor vigués para bautizar a súa nova creación.

Iván Ferreiro ven romper o equilibrio que acadamos nesta sección cos dous anteriores discos presentados, pois él presentanos paixón e vigor alonxados da suavidade, ou de mensaxes a medias que se poden disfrutar nos dous discos que presentamos antes.

“La distorsión” ou “Días Azules”, os derradeiros cortes deste disco, poderían ser un dos exemplos da furia e sentimentos contidos aos que Ferreiro sabe buscarlle unha canle de saída única e persoal.

A única mágoa ou reparo que se lle pode poñer a este disco é que Iván Ferreiro non fose máis prolífico e nos obsequiase cun traballo con máis temas. Pero é de agradecer que ningún corte estea de máis e que todos teñan un estándar de calidade que o faga digno sucesor do primeiro disco deste autor.



# As novas que nos chegan

Baraxeiro

**VIZOÑO** é a obra prima de **Maxi Rei**, asiduo colaborador d' A Xanela, un poemario no que o autor viaxa á infancia. A memoria da infancia, das persoas e cousas que foron, así como a paisaxe sentida e vivenciada e un mundo rural que se esvaece están moi presentes nestes poemas de carácter autobiográfico, rasgo este xa presente no propio encabezamento dos poemas. O libro está editado pola Asociación Cultural Eira Vella, editora tamén desta revista.


**O POZO DA FERIDA** é o novo poemario de **Medos Romero** co que obtivo o premio "Miguel González Garcés" 2006 que convoca a Deputación da Coruña. Poesía dura, sen concesións, que aborda a dor das mulleres e a violencia que se exerce sobre elas. Poemas breves que nos falan das mulleres das pateras, de prostitutas tristes, de nenas mutiladas, mulleres anuladas, rapazas vendidas... Cousas que pasan cada día no planeta. O libro, fermoso na súa dureza, leva capa e ilustracións de Emilia Salgueiro e un limiar de Armando Requeixo.

**ORQUESTRAS POPULARES DAS MARIÑAS**, de **Xulio Cuns Lousa** e **Xosé M<sup>a</sup> Veiga Ferreira**, é un documentado traballo de recopilación da evolución da música popular contemporánea que vai dende as murgas ou "músicas", a aparición das primeiras orquestras nos anos trinta, o apoxeo das grandes orquestras da postguerra, as primeiras gravacións e a saída ao exterior dalgúns conxuntos, pasando polos ritmos, os bailes e salóns, as cancións de moda, os novos instrumentos e un amplo índice de músicos e orquestras. O libro, que estende a súa ollada fóra do ámbito mariñán, é un volume de case trescentas páxinas amplamente ilustrado. Foi editado polo Concello de Betanzos e atópase esgotado dende pouco despois da súa presentación en maio do pasado ano. Agardamos, pois, unha pronta reedición para satisfacer a moitas persoas que desexan ter un exemplar.

**COIRÓS POR DENTRO**, de **Manuel Fiaño Sánchez**, é unha completa guía deste pequeno concello mariñán. O libro, de 82 páxinas, escrito en castelán, aborda o medio físico, o medio humano, apuntes históricos, o patrimonio arqueolóxico e arquitectónico, as infraestruturas, a actividade económica, o movemento socio-cultural, sen esquecer as actividades de lecer. Ben documentado, conta con ampla documentación gráfica e unha maqueta xeitosa que o fai moi útil e manexable. Está editado pola Deputación da Coruña e leva unha presentación do seu presidente.

**SOCIEDADE "HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE COIRÓS" 1906-2006**, de **Manuel Fiaño Sánchez** e **Miguel Gayoso Barreiro** é unha publicación que ao abeiro do centenario desta histórica sociedade emigrante, recupera o seu devalar histórico e a memoria da súa obra máis destacada: A escola de Coirós que, inaugurada en 1935, foi unha brevíssima raiola de esperanza na mellora educativa deste concello, ao ser pechada polo franquismo en xullo de 1936, para pasar posteriormente a propiedade particular tras a súa venda, sen que as institucións públicas fixesen nada para salvar o traballo de varias xeneracións de emigrantes e de veciños do concello.





**SEGREL**, “Revista literaria da Terra de Ordes”, editada pola A. C. Obradoiro da Historia, recolle no seu número 3, editado no verán do pasado ano, traballos poéticos, narrativos e de banda deseñada dun feixe de autores vencellados á Terra de Ordes: M<sup>a</sup> Jesús Botana, Gumersindo Campaña, Pedro Fernández, Xan Ferreiro, Mero Iglesias, Reme Liste, Manuel Pazos, Alicia Raposo, Euloxio R. Ruibal e Ramón Vilar.



**VIAXE AO PAÍS DAS NUBES** recolle as vivencias poéticas do galego **Manolo Pipas** durante a súa convivencia cos indios zapotecas e outras etnias indíxenas mexicanas, dando testemuña da súa autoorganización en comunidades e do consello indíxena como órgano de goberno. O texto reproduce a propia grafía do autor.



**VIAGENS... MARÉS E MEMÓRIAS** é a nova obra do poeta portugués **Cristino Cortes** (Fiães, 1953), esta vez —como o seu título indica— un libro de viaxes e en prosa. Memorias das viaxes por diversos países de Europa e tamén polo propio país portugués, incluídas as terras lusas do medio do oceano, Madeira e os Açores. Cortes, máis que facer relatorios dos lugares visitados, déixanos aquí as súas particulares e orixinais impresións sobre as viaxes e as paisaxes coa certeza de que a vida é tamén unha viaxe ou unha sucesión delas.

**POEMAS SIMPLES**, é a nova entrega de **Fernando Botto Semedo**, poeta de alma infantil e infinita, na súa liña de ver sempre unha luz sagrada no papel fráxil do poema. “Poemas singelos e grátis” estes, dedicados “Para meu Tio infeliz”, que morreu novo e o poeta non coñeceu. Poemas simples, fráxiles, que surxen incandescentes, inesperadamente, na “tarde de um dia do Tempo”.



**CRÓNICAS GANDARESAS**, de **Idalécio Caçao**, recolle un feixe de artigos publicados na súa maioría no *Independente de Cantanhede* entre os anos 2002 e 2003, nos que o autor fala e fai defensa das xentes e formas de vida (agricultura, pesca, feiras, festas, tradicións, gastronomía...) pasadas e actuais desta rexión da Gándara situada á beira do Atlántico, no centro de Portugal, de dunas e areas nas que a vida nunca foi doada. A súa ollada amorosa non elude a crítica e a reivindicación cando a considera necesaria.

**SAUDADE**, Revista de poesía editada en Amarante pola Associação Amarante Cultural e Edições do Tâmega, baixo a dirección de António José Queirós, sacou o nº 8 no pasado xuño no que colaboran un total de corenta autores. Entre eles, os galegos Xosé Lois García e Yolanda López e amigos portugueses como Fernando Botto Semedo, Maria Virgínia Monteiro, Ruy Ventura ou Susete Viegas.

**AS CATRO ALDEAS** revista que edita a S.C.R.D. Fillos de Ois, acadou nesta primavera o número 40, feito que de por si xa merece salientarse. Aparte da información sobre as actividades propias da entidade, atopamos colaboracións de Miguel Gayoso, Plácido Lizancos Santos, Emilio Bellón, Manuel Fiaño, José Antonio Gayoso e Fernando Bandín.





**MUSEO DAS MARIÑAS**  
-Excmo. Concello de Betanzos-

Aberto tódolos días  
de 10 a 13 e de 16 a 20 h.

## NOVIDADES XERAIS

NARRATIVA

Héctor Carré  
*Diario do impostor*



**Héctor Carré**  
*Diario do impostor*

*Unha novela trepidante que oscila  
entre a intriga e a comicidade,  
e ofrece un repaso do mundo do cine  
e da gravación dunha película.*

**XERAIS**



xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

**PAPELERÍA  
LIBRERÍA  
REGALOS  
IMPORTACIÓN**

**ESTANCO**

Valdoncel, 91  
(Ponte Nova)  
Tel. 981 770201  
BETANZOS



Plaza Alfonso IX, 10  
Teléfono 981 770952 · BETANZOS

**FERRETERÍA  
José Luis  
BUTANO**

Na mesma Porta da Vila  
Plateiros, 1 · BETANZOS  
Tels. 981 770410 - 981 772661





# Lanzós

BAR · CAFÉ

Betanzos



B E T A N Z O S

O P I C H O C A R O L O



A D E G A

SOPORTAIS DA FONTE DE UNTA, 10  
B E T A N Z O S



# ártabros

Enseñanza Técnica Superior

Rúa da Pescadería, 2  
Tel. 981 77 26 72 · Fax 981 77 47 34  
15300 BETANZOS (A Coruña)



Avda. de Castilla, 51-53 · Entresuelo A · 15300 Betanzos  
Teléfono 981 773 279

# DONÍN

LIBRERÍA PAPELERÍA

Rúa do Rollo, 32 · 15300 BETANZOS (A Coruña)  
Tel. 981 772649 · E-mail: libreriadonin@telefonica.net

# FERRETERÍA ROQUE MENAXE

MATERIAL ELÉCTRICO

Distribuidor: *CAMPING-GAS*

*COPIA DE CHAVES*

*CERRALLERÍA · FERRAXES*

Avda. Xesús García Naveira, 36  
Tel. 981 773253 · BETANZOS



Carta de Café  
Doces caseiros

# Café Plaza

Venta de billetes do  
Grupo Alsa Enatcar

Avda. de Castela, 2 · BETANZOS  
Teléfono 981 77 27 45


R/ Valdoncel, 16  
15300 BETANZOS  
Teléfono 981 774798

MARÍA LÓPEZ JUNQUERA  
JORGE DÍAZ SÁNCHEZ

clínica veterinaria  
valdoncel



EIRA VELLA



*Recuperando  
a memoria*

*Por unha  
cultura viva*

Asociación Cultural  
B E T A N Z O S

# dp

móvil  
695 269 485  
fax-tel.  
981 77 45 19

Rúa Venezuela 11- 13 Ático eza.  
15300 B E T A N Z O S (A Coruña)  
oficina.doporto@coaatac.com

# doporto santos


X. Isidro

Arquitecto  
Técnico

Técnico Superior en PRL  
Agente de la Propiedad Inmobiliaria



EIRA VELLA



*Asociación Cultural*  
BETANZOS